



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO
ALCALDE DO CONCELLO DE
PORTO DO SON
FAI SABER:**

A

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria convou **axudas urxentes de tipo social (Auxs) para evitar o corte do subministro eléctrico** ás persoas máis vulnerables.

Os gastos subvencionables serán o **50% do importe das facturas de electricidade**, correspondente á vivenda habitual da persoa solicitante, cun importe máximo de 250 €/ano por solicitante ou de 400 €/ano no caso de familias numerosas.

N

Requisitos:

- Ser residente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ser o titular do contrato de subministración eléctrica.
- Ter contratada a tarifa de último recurso (TUR) con aplicación do bono social de consumidor vulnerable severo (desconto do 40%).
- Estar en risco de exclusión social.

D

Documentación a presentar:

- Documento acreditativo de ser beneficiario do bono social para consumidor vulnerable severo. Poderá acreditarse mediante copia dunha factura na que figure aplicado o desconto do 40% do bono social.
- Acreditación de estar en situación de exclusión social (informe emitido polos servizos sociais).
- De ser o caso, título de familia numerosa.

O

Para máis información poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou contactar no teléfono 981 86 74 14.

PRAZO DE SOLICITUDE: Ata o 15 de decembro de 2018

Porto do Son, 12 de xullo do 2018

O Alcalde



Asdo) José Luis Oujo Pouso